

renza entre a contía da pensión que se viñese percibindo e a que corresponda por aplicación dos períodos asimilados a cotizados.

3. As corporacións locais afectadas deberán aboar o 83,40 por 100 do importe do correspondente capital-custo, sendo o restante 16,60 por 100 por conta do interesado.

4. O aboamento do capital-custo que será satisfeito tanto polas corporacións locais como polos interesados poderá ser diferido por un período igual ao do tempo recoñecido en cada caso como cotizado á Seguridade Social e fraccionado en pagamentos mensuais, deducibles de cada mensualidade de pensión, polo que aos interesados se refire.

Cando, por razón de cargos políticos exercidos con carácter sucesivo, resulte obrigada ao pagamento máis dunha corporación local, a parte de capital-custo que deberán satisfacer estas será proporcional ao tempo de exercicio do cargo por parte dos interesados en cada unha delas. No caso de que esta concorrencia derive do exercicio de cargos con carácter simultáneo, o importe do capital-custo que se deba satisfacer en razón a eses períodos coincidentes distribuirase a partes iguais entre as respectivas corporacións locais.

Disposición adicional primeira. Aplicación supletoria.

No non previsto neste real decreto serán de aplicación as normas comúns polas que se rexe o réxime xeral da Seguridade Social.

Disposición adicional segunda. Desemprego dos cargos públicos e sindicais.

Os períodos de desempeño dun cargo, por parte das persoas incluídas no artigo 205.4 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, anteriores á entrada en vigor da Lei 37/2006, do 7 de decembro, durante os cales non existen cotizacións por desemprego, non se poderán computar como de ocupación cotizada para a obtención, duración ou contía das prestacións por desemprego. Non obstante, para efectos dese cómputo poderase retrotraer o período de seis anos, a que se refiren os artigos 207.b) e 210.1 do citado texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, polo tempo equivalente ao de desempeño do dito cargo con dedicación exclusiva ou parcial e percibindo unha retribución.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. Facultades de desenvolvemento.

Facúltase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para ditar as disposicións necesarias para a aplicación e o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 24 de agosto de 2007

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais

JESÚS CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

16145 *ORDE APA/2601/2007, do 10 de setembro, pola que se modifica a Orde APA/2289/2007, do 26 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul.* («BOE» 218, do 11-9-2007.)

A lingua azul ou febre catarral ovina é unha enfermidade incluída no Código Zoonosario Internacional da Organización Mundial da Sanidade Animal (OIE) e na lista de enfermidades de declaración obrigatoria da Unión Europea. As medidas específicas de loita contra a enfermidade están reguladas polo Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.

Desde o ano 2004 o suroeste da Península Ibérica viuse afectado pola circulación viral do serotipo 4 do virus causante desta enfermidade, e desde xullo de 2007, ademais, detectouse a presenza do serotipo 1 do mesmo virus, adoptándose as medidas adecuadas en todo momento para o seu control e erradicación, incluíndo a existencia dun programa de vacinación fronte á enfermidade.

As medidas de protección a nivel comunitario foron adoptadas mediante a Decisión 2005/393/CE da Comisión, do 23 de maio de 2005, relativa ás zonas de protección e vixilancia en relación coa febre catarral ovina e as condicións que se aplican aos traslados de animais desde estas zonas ou a través delas, cuxa última modificación, polo que respecta ás zonas restrinxidas en relación coa febre catarral ovina en España e Alemaña, a constitúe a Decisión 2007/28/CE, da Comisión, do 22 de decembro de 2006.

De acordo coa Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e sen prexuízo das medidas adoptadas pola Comisión Europea, adoptáronse medidas nacionais específicas, a través de diversas ordes, a última das cales é a Orde APA/2289/2007, do 26 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul, modificada mediante Orde APA/2371/2007, do 2 de agosto.

En función dos datos epidemiolóxicos existentes, que poñen de manifesto a circulación viral do serotipo 1 na Comunidade Autónoma de Andalucía, é preciso variar a zona restrinxida S-1-4 engadindo novas comarcas veterinarias das comunidades autónomas de Andalucía, Extremadura e Castilla-La Mancha, e prever en consecuencia o necesario período transitorio para os espectáculos taurinos.

Na súa virtude, e ao abeiro do establecido no artigo 8 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e na disposición derradeira segunda do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, dispoño:

Artigo único. Modificación da Orde APA/2289/2007, do 26 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul.

A Orde APA/2289/2007, do 26 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul, queda modificada como segue:

Un. Engádesse unha nova disposición transitoria, co seguinte contido:

«Disposición transitoria terceira.

Réxime temporal de movementos de reses de lida desde explotacións situadas en parte da zona restrinxida

S-1-4 para a realización de espectáculos taurinos en zona restrinxida S-4.

Non obstante o previsto no artigo 6, non será de aplicación aos espectáculos taurinos que se realicen dentro dos 24 días naturais seguintes á entrada en vigor desta orde a obriga da comunicación previa á autoridade competente en materia de sanidade animal da comunidade autónoma de destino, para o desenvolvemento dun espectáculo taurino en zona restrinxida S-4, para os organizadores que pretendan recibir unha partida de reses de lida das seguintes comarcas:

Provincia de Málaga: comarca de Vélez-Málaga.

Provincia de Córdoba: as comarcas veterinarias de Baena, Hinojosa del Duque, Lucena, Montoro e Pozoblanco.

Provincia de Jaén: as comarcas veterinarias de Alcalá la Real, Huelma, Úbeda, Linares, Andújar, Jaén e Santiesteban del Puerto.

Provincia de Badajoz: comarca de Badajoz, Castuera, Don Benito, Herrera del Duque e Mérida.

Provincia de Ciudad Real: as comarcas veterinarias de Almadén, Almodóvar del Campo, Calzada de Calatrava, Ciudad Real e Piedrabuena.»

Dous. O anexo III substitúese polo seguinte:

«ANEXO III

Relación de comarcas incluídas en cada unha das zonas definidas no artigo 2

A. Zona restrinxida S-1-4:

As cidades de Ceuta e Melilla e as seguintes provincias ou comarcas veterinarias:

As provincias de Cádiz, Sevilla, Huelva, Málaga e Córdoba.

Provincia de Jaén: as comarcas veterinarias de Alcalá la Real, Huelma, Úbeda, Linares, Andújar, Jaén e Santiesteban del Puerto.

Provincia de Badajoz.

Provincia de Ciudad Real: as comarcas veterinarias de Almadén, Almodóvar del Campo, Calzada de Calatrava, Ciudad Real y Piedrabuena.

B. Zona restrinxida S-4:

As provincias de Cáceres e Toledo.

Provincia de Ávila: as comarcas veterinarias de Arenas de San Pedro, Candeleda, Cebreros, El Barco de Ávila, El Barraco, Las Navas del Marqués, Navalunga e Sotillo de la Adrada.

Provincia de Salamanca: as comarcas veterinarias de Béjar, Ciudad Rodrigo e Sequeros.

Comunidade de Madrid: as comarcas veterinarias de Aranjuez, Arganda del Rey, Alcalá de Henares, Colmenar Viejo, El Escorial, Griñón, municipio de Madrid, Navalcarnero, San Martín de Valdeiglesias, Torrelaguna e Villarejo de Salvanés.

Provincia de Albacete: a comarca veterinaria de Alcaraz.

Provincia de Ciudad Real: as comarcas veterinarias de Horcajo de los Montes, Malagón, Manzanares, Valdepeñas, Villanueva de los Infantes e Tomelloso.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 10 de setembro de 2007.—A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana.

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

16206 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 1109/2007, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.* («BOE» 219, do 12-9-2007.)

Advertidos erros no Real decreto 1109/2007, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 23, do 1 de setembro de 2007, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 2777, primeira columna, no artigo 10.3, oitava liña, onde di: «das persoas igualmente, deberá garantir», debe dicir: «das persoas; igualmente, deberá garantir.».

Na páxina 2779, segunda columna, na disposición transitoria primeira, número 3, onde di: «con anterioridade ao 19 de abril de 2006», debe dicir: «con anterioridade ao 19 de abril de 2007».

Na páxina 2789 (contraportada), punto B), debe completarse o seu título do seguinte xeito: « B) Real decreto 1109/2007, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción».

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

16207 *REAL DECRETO 1113/2007, do 24 de agosto, polo que se establece o réxime de coordinación das autoridades de xestión dos programas rexionais de desenvolvemento rural.* («BOE» 219, do 12-9-2007.)

En aplicación do Regulamento (CE) n.º 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), a estrutura de programación en España para o período 2007-2013 basearase nun Plan Estratégico Nacional de Desenvolvemento Rural, que indicará as prioridades da intervención do fondo e do Estado, un Marco Nacional de Desenvolvemento Rural, que conterá aqueles elementos que sexan comúns a todos os programas, así como as medidas horizontais de aplicación xeral, programas rexionais de desenvolvemento rural e un programa da Rede Rural Nacional.

Conforme o Regulamento (CE) n.º 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro de 2005, cada programa deberá contar cunha autoridade de xestión, responsable da xestión e aplicación do programa, cunha separación clara de funcións cos organismos pagadores e de certificación, designados conforme a normativa comunitaria.

Deste xeito prevese a existencia dunha autoridade de xestión por cada un dos programas rexionais e outra para o programa da Rede Rural Nacional.